



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 6 de maio de 2021 (1014/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez (online)  
D. Carlos López Font (online)  
D. Abel Losada Álvarez (online)  
D. Jaime Aneiros Pereira (online)  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día seis de maio de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(352).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de abril de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(353).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA O SUBMINISTRO DE GASOLEO C CALEFACCIÓN PARA O PARQUE CENTRAL E AUXILIAR DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXP-TE. 6359/213.**

Visto o informe xurídico do 23/04/21 e o informe de fiscalización do 26/04/21, dáse conta do informe-proposta do 28/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, a concelleira-delegada de Seguridade e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).  
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de 02 de febreiro de 2021 a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro de gasoleo C calefacción para os parquesdo Servizo de Bombeiros.

**Segundo.-** No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 2 de febreiro e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 2 de febreiro de 2021.
- Resolución de inicio do expediente de contratación da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade de 2 de febreiro de 2021.
- Memoria económica de data 3 de febreiro e 17 de marzo de 2021 asinada por xefe do servizo e concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade.
- Documento económico do Director Superior Contable E Orzamentario de data 7 de febreiro e 18 de marzo de 2021.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 10 de febreiro e 18 de marzo de 2021, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11 de febreiro e 18, 25 de marzo e 22 de abril de 2021, asinada polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da concelleira-delegada de Economía, Empresa e seguridade.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado pola técnica de administración xeral e da xefa do Servizo de Contratación de 26 de marzo de 2021 e 22 de abril de 2021.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros, asinado pola técnica de administración xeral e da xefa do Servizo de Contratación de data 26 de marzo de 2021 e 22 de abril de 2021.



## Concello de Vigo

- Dilixencia de data 21 de abril de 2021 asinado pola xefa de asesoramento de Asesoría Xurídica.
- Corrección da memoria xustificativa de data 22 de abril de 2021 asinado polo xefe do servizo e a concelleira-delegada de Economía, Empresa e Seguridade.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A concelleira-delegada de Economía, Empresa e Seguridade mediante resolución de 02 de febreiro de 2021 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto simplificado non é necesaria a súa xustificación.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º Aprobado o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para o subministro de gasoleo C calefacción para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 18 de marzo de 2021.*

*2º. Aprobado o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 22 de abril de 2021.*

*3º.- Autorizar o gasto por importe de 24.352,20 euros, do que 4.226,42€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13602210300 “ Combustible gasoleo” do presuposto municipal vixente.*

*Ano 2021: 6.088,05€*

*Ano 2022: 12.176,10€*

*Ano 2023: 6.088,05€*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(354).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONCESIÓN DE DOMINIO DO POSTO BP08 DO MERCADO DO PROGRESO. EXPTE. 7772/106.**

Visto o informe xurídico do 23/04/21, dáse conta do informe-proposta do 22/04/21, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### **Interesados:**

\* **María del Carmen Oya Amoedo**, NIF \*\*\*9889>>.

\* **Vigomar S. C** (constituída por Joana Díaz Abreu, NIF \*\*\*9079>> e Miriam Iglesias Álvarez, NIF \*\*\*6286>>).

#### **Asunto: Solicitude de cesión da concesión de dominio do posto BP08 do Mercado do Progreso**

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **14 de setembro de 2009**, adoptou o seguinte acordou:



## Concello de Vigo

*Primeiro.- Outorgar unha concesión de dominio por un prazo de 40 anos a contar desde o día 1 de outubro de 2009 a María del Carmen Oya Amoedo, con NIF \*\*\*9889>>, sobre o posto denominado BP08 (con anterioridade á reforma do mercado B25), suxeita entre outras ás seguintes condicións:*

- a)O canon mensual inicial é de 90,62 euros, que poderá ser incrementado en ata un 40% pola entidade que asuma en virtude de calquera tipo de acordo có Concello de Vigo a xestión do Mercado do Progreso. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC e é independente do importe que se indica no apartado seguinte.*
- b)Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.*
- c)Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRLFL.*
- d)A concesión está condicionada a que, nos prazos que se indican, o concesionario efectúe o ingreso das seguintes contías nos prazos que se indican, coma complemento ós 356,7 € xa ingresados a conta.../.*
- e)Se fosen realizadas obras de reforma que impliquen o traslado ou desaparición de postos, o concesionario poderá optar por un posto de similares características que se atope baleiro ou que se cree coma consecuencia da reforma ou por unha indemnización de dúas mensualidades por cada ano ou fracción que lle reste de concesión, sen que sexa maior para ningún ano da cantidade que abonou en concepto de ampliación do prazo de concesión. Non se indemnizará a desaparición de postos adicionais cando o interesado conserve polo menos un; é dicir, só se indemnizará a aqueles comerciantes que coma consecuencia das obras e, en aplicación dos criterios xa indicados en anteriores comunicacións, deban cesar na súa actividade no Mercado do Progreso.*
- f)De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto.*
- g)Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.*
- h)Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización.*
- i)Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobre do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:*
  - ▣ Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.*
  - ▣ O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.*

- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisíbel ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

*j) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixíbeis, así coma os subministrados (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrogable.*

*.../...”*

**SEGUNDO.-** Mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con data 13 de novembro de 2020, Dña. María del Carmen Pereira Oya con NIF \*\*\*7289>>, en representación da súa nai Dña. María del Carmen Oya Amoedo con NIF \*\*\*9889>>, solicitou autorización para a cesión da concesión de dominio a favor de Dña. Joana Díaz Abreu con NIF \*\*\*9079>> e Dña. Miriam Iglesias Álvarez, con NIF\*\*\*6286>> (en representación de VIGOMAR E.S.P.J. con CIF E02719763).

Recabada información do servizo de Recadación, este emite con data 2 de marzo de 2021, certificación positiva da non existencia de débedas pendentes do concesionario.

**TERCEIRO.-** Así mesmo, achégase ao expediente información da situación actual de alta no Réxime Especial de Autónomos de Dña. Joana Díaz Abreu, con NIF \*\*\*9079>, dende o 12/03/2019, e de Dña. Miriam Iglesias Álvarez, con NIF\*\*\*6286>>, dende o 02/11/2020, así como declaración responsable de Dña. Joana Díaz Abreu e Dña. Miriam Iglesias Álvarez, (en representación de VIGOMAR E.S.P.J. con CIF E02719763), conforme as interesadas cumpren cos requisitos de capacidade xurídica de obrar para contratar, se atopan ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, dipoñen de diploma acreditativo da acción formativa para manipulador de alimentos e hixiene alimentaria e se comprometen a cumprir coas condicións da concesión.

**CUARTO.-** Con data 6/04/2021 a secretaria da Administración municipal emite informe xurídico no que indica que a entidade VIGOMAR ESPJ, como tal, non pode contratar coa Administración pública ao carecer de personalidade xurídica, aínda que si poderían as persoas físicas que a conforman.

**QUINTO.-** Con data 07/04/2021 outórgaselle trámite de audiencia a Dña. Joana Díaz Abreu, con NIF \*\*\*9079>>, Dña. Miriam Iglesias Álvarez, con NIF\*\*\*6286>> e Dña. María del Carmen Pereira Oya con NIF \*\*\*7289>> para que formulen as alegacións e consideracións que estimen oportunas.

**SEXTO.-** Con data 16/04/2021 Dña. Joana Díaz Abreu, con NIF \*\*\*9079>> e Dña. Miriam Iglesias Álvarez, con NIF\*\*\*6286>> presentan no Rexistro xeral do Concello de Vigo, doc. 210062762, documentación xustificativa da constitución da empresa Vigomar Sociedad Civil (Vigomar, S C), CIF J05358957, con domicilio social en Vigo, r/Progreso, nº 28, posto BP08.

**SÉTIMO.-** De conformidade coas condicións do outorgamento indicadas no apartado primeiro e coa solicitude á que se refire o presente, xunto o informe xurídico que se achega ao expediente, propónse a adopción do seguinte



## Concello de Vigo

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Autorizar a cesión da concesión de dominio de María del Carmen Oya Amoedo con NIF \*\*\*9889>>, e en consecuencia, outorgar a mesma a Vigomar Sociedad Civil (Vigomar, S C), con CIF J05358957, constituída por Dna. Joana Díaz Abreu, con NIF \*\*\*9079>> e Dna. Miriam Iglesias Álvarez, con NIF\*\*\*6286>>, ata a data de remate da cesión de dominio do 30 de setembro de 2049, sobor do posto denominado BP08, suxeita ás seguintes condicións:

- a) O canon mensual inicial de 2020 é de 246,49 €/mes. O dito canon actualizarase anualmente á porcentaxe do IPC independente do indicado no apartado seguinte.
- b) Así mesmo, a proposta dos concesionarios dos postos, e ó fin de incrementar os servizos ou reaxustar os importes a novas condicións nos supostos de reordenación dos espazos, poderanse incrementar e/ou redistribuír os cánones mensuais.
- c) Os concesionarios poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes ós efectos da imposición de contribucións especiais á que se refiren os artigos 36 e 37 do TRL-FL.
- d) A transmisión da concesión implica a liquidación da persoa cedente do posto do importe de **7.118,63 €** euros, resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 246,49 €/mes, polo número de anos ou fracción, que lle restan ata o remate da concesión (30-09-2049) de 28,88 anos, a contar dende a data da solicitude de cesión de dereitos do 13/11/2020.
- e) De realizarse obras no Mercado, tódolos comerciantes, deberán adquirir e instalar ás súas expensas o mobiliario do seu posto que se aprobe por tipoloxías de comerciantes comúns. Non están permitidos, agás autorización expresa e escrita, mobiliario ou instalacións distintas das que se aproben no proxecto. Pola súa banda, o mobiliario existente no posto e que se transmite con él é propiedade do Concello de Vigo, tras os acordos aos que a tal fin chegou o Concello de Vigo cos adxudicatarios dos postos, quedando o novo adxudicatario á súa boa conservación e uso e nos estando permitida, agás autorización expresa, a súa retirada ou substitución.
- f) Obriga do concesionario dos postos a desenvolver efectivamente a actividade comercial no posto, con pleno acatamento ás normas.
- g) Prohibición de arrendar o negocio e de mantelo sen actividade, motivos ambos que darían lugar á rescisión da concesión sen dereito a indemnización
- h) Os concesionarios deberán aboar os tributos que lle resulten esixibles, así coma os suministros (auga, luz, teléfono, etc) dos que exista contador individualizado ou común prorrateable.
- i) Prohibición de cesión de dereitos, traspaso ou gravame sobor do posto sen o consentimento expreso do xestor do Mercado e que se suxeitará ás seguintes condicións:
  - Os dereitos que outorgan a concesión dos postos fixos son persoais e transferibles entre vivos e por causa de morte.
  - O traspaso das concesións determinará a obriga de pagamento ó Concello de Vigo de unha mensualidade por cada ano ou fracción que quede ata o final do prazo da concesión do posto.

- *No caso de falecemento, xubilación ou invalidez do adxudicatario, a concesión administrativa ó seu favor poderá ser transmisible ós seus ascendentes, descendentes ou cónxuxes sen lugar a satisfacer cantidade algunha.*
- *As concesións transmitidas caducarán na mesma data que a concesión orixinal.*

**SEGUNDO.-** *Requirir á Dna. María del Carmen Oya Amoedo, NIF \*\*\*9889>>, o pago de 7.118,63 € euros (resultado de multiplicar o canon mensual vixente de 246,49 €/mes polo tempo que resta ata a data de remate da concesión do 30/09/2049, 28,88 anos).*

**TERCEIRO.-** *Advertir que, unha vez aboada o importe dunha mensualidade do canon correspondente a dito posto por cada ano ou fracción de duración da cesión, formalizarase o contrato de cesión, o cal será depositado no Concello de Vigo, non producindo efectos fronte a este se non dende o dito depósito.*

**CUARTO.-** *Notificar o presente acordo aos interesados cedente e cesionario, así como á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado do Progreso, concesionaria do mercado, advertíndolle que contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses, ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da presente.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(355).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA -ON PREMISE- PARA A XESTIÓN INTEGRAL DOS EXPEDIENTES DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E O HARDWARE NECESARIO PARA O SEU DESPREGUE. EXPTE. 210165/301.**

Visto o informe de fiscalización do 03/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014





## Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 25 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, para a «SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA “ON PREMISE” PARA A XESTIÓN INTEGRAL DOS EXPEDIENTES DO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E O HARDWARE NECESARIO PARA O SEU DESPREGAMENTO», que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 7), o Prego de Prescricións Técnicas (trámite n.º 41), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 185), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámite n.º 30) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*

*SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (562.000 €, IVE incl.), que se imputará ás aplicacións orzamentarias núms. 2310.640.00.12 e 2310.626.00.12 dos orzamentos municipais (“DUSI OT9 LA20 MELLORA PROC XESTION INTERNA APL” e “DUSI OT9 LA20 MELLORA PROC XESTION INT. HARDWA”, respectivamente), de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):*

- Ano 2021: 324.000 €.
- Ano 2022: 238.000 €.

*TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición admitida nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) na seguinte orde decrecente:*

*Lote 1*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	IMATIA INNOVATION, S.L.	98 puntos

*Lote 2*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	EDNON, S.L.	100 puntos

*Segundo.-* Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) (lote 1) e EDNON, S.L. (B-36.938.009) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMATIA INNOVATION, S.L. (lote 1) e EDNON, S.L. (lote 2), o día 20 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 23 e 29 de abril de 2021, respectivamente, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, IMATIA INNOVATION, S.L. (lote 1) e EDNON, S.L. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



## Concello de Vigo

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMATIA INNOVATION, S.L. no lote 1 e por EDNON, S.L. no lote 2, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de datas 13 e 14 de abril de 2021 e de conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 19 de abril pola que se outorga a ambos os dous licitadores a máxima puntuación polas súas proposicións avaliables a través de fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a IMATIA INNOVATION, S.L. (B-36.499.960) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) coas seguintes condicións:*

- 1. O prezo total do contrato é de 288.839,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.129,10 euros.*
- 2. Incrementa o período de garantía sobre o mínimo esixido de 1 ano no apartado 10 do Anexo I - FEC- do PCAP en catro (4) anos.*

*Adxudicar a EDNON, S.L. (B-36.938.009) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación da subministración e implantación dunha plataforma -on premise- para a xestión integral dos expedientes do Servizo de Benestar Social e o hardware necesario para o seu despregue (210.165-301) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 199.968,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.705,34 euros.*
- b) Incrementa o almacenamento en espazo formato SAS respecto do mínimo fixado na cláusula 4.2 do PPT (82,8 TB) en 43,2 TB.*
- c) Incrementa o período de garantía sobre o mínimo esixido de 1 ano a maiores do mínimo esixido no apartado 10 do Anexo I -FEC- do PCAP en 24 meses.*
- d) Melloras:*
  - Propón unhas características técnicas da memoria interna de 64 GB (mínimo esixido 32 GB (apartado 4.2 do PPT))*
  - Propón unhas características técnicas da memoria RAM de 4 GB (mínimo esixido 3 GB (apartado 4.2 do PPT))*
  - Propón unhas características técnicas da cámara en 8 MP (mínimo esixido 8.0 MP (apartado 4.2 do PPT))*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(356).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN FRONTE AO RISCO DO VIRUS COVID-19 DO PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO (LOTES 1 E 3) EXPTE. 6527/241.**

Visto o informe de fiscalización do 03/05/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lotes 1 e 3)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do subministro de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral de data 22 de xaneiro de 2021.*



## Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais de data 8 de xaneiro de 2021..

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de DOUSCENTOS NOVE MIL NOVECIENTOS VINTE E SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (209.920,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 27.173,46 euros, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- Lote 1 Material de protección individual e sanitario de uso xeral: máscaras hixiénicas desbotábeis, máscaras PS e EPI protección das mans (luvas desbotables): SESENTA E TRES MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO E SETENTA E SETE CÉNTIMOS (63.794,77 €), cun IVE de 6.335,44 €.
- Lote 2: Material de protección individual:EPI Protección das vías respiratorias (máscaras) e EPI, protección dos ollos (pantallas): SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (67.262,95 €), cun IVE de 8.911,20 €.
- Lote 3: Material de hixiene e desinfección: xel desinfectante de base hidroalcohólica e toallitas desbotables impregnadas con solución desinfectante: SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA CÉNTIMOS (78.862,90 €) cun IVE de 11.926,82€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes partidas orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Exercicio	Importe
Policía Local	1320.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	58.202,84 €
Seguridade e mobilidade	1330.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.585,52 €
Extinción de incendios (SEIS)	1360.2219901	2021	6.983,22 €
Vías e Obras	1532.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	13.009 €
Ceminterios	1640.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.930,7 €
Parques e Xardíns	1710.2219902	2021	5.509,11 €
Emprego	2410.2219901	2021	12.505,4€
B. Social	2310.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.601€
Museos	3330.2219901	2021	2.000,7€
Cultura	3340.2219901	2021	1.856,09€
P. Histórico	3360.2219901	2021	597,51€
Deportes	3410.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.377€
Deportes IMD	3420.2219901	2021	10.000€

Servizo	Aplicación orzamentaria	Exercicio	Importe
Educación	3230.2219901	2021	6.648,7 €
Organos de goberno	9120.2219901	2021	4.811,21 €
Administración Xeral para o resto dos servizos internos	9200.2219903 e a súa bolsa de vinculación	2021	62.204,62
Voluntariado	9251.2219900	2021	1.098 €
<b>TOTAL</b>			<b>209.920,62 euros</b>

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Na sesión do 8 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- Rectificar o apartado 3 “NÚMERO DE UNIDADES ESTIMADAS” do prego de prescricións técnicas (PPT) que quedará redactado como segue:

“ 3ª. Número de unidades estimadas.

O número de unidades é estimativo, o total do material incluído no obxecto do contrato non se pode definir con exactitude por estar subordinado ás necesidades periódicas, de xeito que cabe a posibilidade de esgotalo ou non na súa totalidade, en razón das necesidades do servizo, sen dereito ningún do adxudicatario en caso de incremento, redución ou supresión das unidades previstas, a reclamar ningunha indemnización ou variar o prezo.

Cantidades previstas	Materiais	Presentación específica
269.605 unidades	Máscara hixiénica desbotable	Non
123.354 unidades	Máscara PS	Non
66.661 unidades	EPI Protección das vías respiratorias	Non
98.335 unidades(tallas XL, L e M)	EPI Protección das mans: luvas desbotables de nitrilo	Non
1.000 unidades (tallas XL, L e M)	EPI Protección das mans: luvas desbotables de Latex	Non
131 unidades	EPI Protección dos ollos.	Non



## Concello de Vigo

1.934.304 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores sobremesa	Dispensadores sobremesa (capacidade 500 ml. ou inferior)
100.000 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores sobremesa	Dispensadores (capacidade 1L)
33.542 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores individuais	Formato individual uso a demanda (capacidade 100 ml. ou inferior)
1.273 litros	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en envases de 5L	Envases de 5 Litros
228.823 unidades	Toallñas desbotables impregnadas con solución desinfectante con actividade virucida fronte ao SARS-CoV-2 de uso autorizado para limpeza de superficies e equipos de traballo para público xeral	Envases de 50 ou inferior

2º.- Rectificar o apartado 3.G do Anexo I- FEC do PCAP (PREZOS UNITARIOS (sen IVE) que quedará redactado como segue:

LOTE	TIPO MATERIAL	PREZO UNITARIO SEN IVE
Lote 1	Máscara hixiénica	0,12 €/unidade
	Máscara PS	0,16 €/unidade
	luvas desbotables nitrilo	0,054 €/unidade
	luvas desbotables latex	0,06 €/unidade
Lote 2	EPI Protección das vías respiratorias	0,85€/unidade
	EPI Protección dos ollos: pantallas	12,90 €/unidade

Lote 3	Xel desinfectante sobre-mesa	0,015 €/mililitro
	Xel desinfectante 1 Litro	0,015 €/mililitro
	Xel desinfectante envases de 5 L	4,40 €/litro
	Xel desinfectante individuais	0,032 €/mililitro
	Toallíñas desbotables	0,13 €/unidade

3º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas polo tempo transcorrido entre a data do inicio do prazo de presentación de ofertas e a data deste acordo.

4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):*

1. *ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)*
2. *ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)*
3. *CLICK COIN, S.L. (lote 2)*
4. *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)*
5. *DARLIM, S.L.U. (lote 2)*
6. *GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)*
7. *IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)*
8. *IRAGO, S.A. (lote 1)*
9. *MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)*
10. *OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)*
11. *PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)*
12. *PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)*
13. *PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)*
14. *QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)*
15. *TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)*
16. *TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación da*





## Concello de Vigo

subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	TESIS GALICIA, S.L.	100,00 puntos
2	DARLIM, S.L.U.	96,38 puntos*
2	IRAGO, S.A.	96,38 puntos*
3	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.	93,62 puntos
4	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	70,68 puntos
5	MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.	70,65 puntos

\* DARLIM, S.L.U. e IRAGO, S.A. empatados en segundo lugar.

O desempate realizarase no suposto de que non proceda adxudicar o contrato ao primeiro clasificado e de conformidade cos criterios previstos na cláusula 16.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, TESIS GALICIA, S.L., o 13 de abril de 2021, quen presentou a documentación os días 23 e 29 de abril, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

Lote 1

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	MAPE ASESORES, S.A.	100,00 puntos
2	PAZ DISMAC, S.L.	70,97 puntos

## Lote 2

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	100,00 puntos
2	CELTA INGENIEROS S.L.	79,11 puntos
3	IRAGO, S.A.	46,54 puntos

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 2, MAPE ASESORES, S.A. (A-36.326.619) (lote 1) e GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (B-88.630.728) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1, MAPE ASESORES, S.A., o 26 de abril de 2021. O citado licitador presentou a documentación requirida o 30 de abril, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 3 de maio de 2021 revisou a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 3, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 3, MAPE ASESORES, S.A. e TESIS GALICIA, S.L., respectivamente, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



## Concello de Vigo

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por MAPE ASESORES, S.A. e TESIS GALICIA, S.L. nos lotes 1 e 3, respectivamente, de acordo co informe do Sobre D “Mostras” de data 5 de abril de 2021 e co informe de valoración do Sobre C “Proposicións avaliadas a través de fórmula”, de datas 7 e 20 de abril de 2021 (lotes 3 e 1, respectivamente).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*
  - *Sesión do 4 de marzo de 2021 na que se acorda non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por non ter cumprido os requisitos esixidos na cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares para a presentación das proposicións:*
    1. *CANARIAS SPORTS HOLIDAYS, S.L. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)*
    2. *CPQ IBERICA, S.A. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)*
    3. *EFI HIGIENE, S.L.U. (o sobre D “Mostras” foi presentado fóra do prazo de presentación das proposicións)*
    4. *IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (B-47.638.457) (non presenta o sobre D “Mostras” )*
    5. *I+DEAS DIVISION COSMETICA, S.L. (B-47.692.348) (presenta o sobre D “Mostras” dentro de prazo pero non presenta os sobres A e C esixidos no PCAP.*
    6. *ROYAL PROGRESS, S.L. (non presenta o sobre D “Mostras”)*
    7. *SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (Presentadas en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación pero sen que conste recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico [ofi.rexistro@vigo.org](mailto:ofi.rexistro@vigo.org))*
    8. *QUICELCO GALICIA 2020, S.L. (presenta os tres sobres a través do Rexistro Xeral. A documentación dos sobres A e C está descriptada, polo que non se garantiu o segredo das proposicións)*
    9. *MA INVEST SPAIN 2018, S.L. (presentada en data de imposición na oficina de correos dentro de prazo de licitación. Consta recepción de anuncio de remisión das mostras ao correo electrónico [contratacion@vigo.org](mailto:contratacion@vigo.org). Pero non presenta o sobres A e C)*

- *Sesión do 8 de abril de 2021 na que se acorda excluír aos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):*
  1. *ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)*
  2. *ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)*
  3. *CLICK COIN, S.L. (lote 2)*
  4. *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)*
  5. *DARLIM, S.L.U. (lote 2)*
  6. *GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)*
  7. *IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)*
  8. *IRAGO, S.A. (lote 1)*
  9. *MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)*
  10. *OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)*
  11. *PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)*
  12. *PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)*
  13. *PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)*
  14. *QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)*
  15. *TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)*
  16. *TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)*
- 2. *Adxudicar a MAPE ASESORES, S.A. (A-36.326.619) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) por un prezo total de 63.794,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.335,44 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 56,45% a aplicar aos prezos unitarios relacionados para este lote no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. *Adxudicar a TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) por un prezo total de 78.862,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.926,82 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 61,50% a aplicar aos prezos unitarios relacionados para este lote no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **6(357).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP PINTOR LAXEIRO". EXPTE. 655/441.**

Visto o informe de fiscalización do 29/04/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO PINTOR LAXEIRO" redactado polo arquitecto Arquitecto Emilio Estévez Fernández cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS) e data Xuño de 2020*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO OITENTA E CINCO MIL CENTO CORENTA EUROS CON OITO CÉNTIMOS (185.140,08 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 32.131,75 €*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3230.622.00.05 (CUBRICIÓN DE PATIOS DE COLEXIOS).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de febreiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	86,72
2	EICROS GESTIÓN, S.L.	79,82
3	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	75,31
4	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	71,34
5	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	59,07

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., o día 12 de febreiro de 2021. Dentro do prazo concedido o licitador no presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, entendeuse retirada a oferta e procedeuse a solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, EICROS GESTIÓN, S.L.

Dentro do prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha, polo que tamén se entendeu retirada a oferta e se procedeu a solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en terceiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., quen presentou documentación o 21 de abril de 2021, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación na sesión do 23 de abril de 2021 revisou a documentación presentada por este licitador e acordou, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que puidese acreditar a solvencia económica e técnica esixida no prego de cláusulas administrativas. Con carácter previo á notificación do requirimento, o 23 de abril de 2021, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. presentou a correspondente documentación.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de abril de 2021 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en terceiro lugar sendo esta correcta, polo que



## Concello de Vigo

acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 1 e 5 de febreiro de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:*
  - *Sesión do 4 de marzo de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo primeiro clasificado, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
  - *Sesión do 8 de abril de 2021: enténdese retirada a proposición presentada polo segundo clasificado, EICROS GESTIÓN, S.L., por non cumprimentar o requirimento previsto no artigo 150.2 da LCSP dentro do prazo concedido.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. (B-94.075.207) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do*

patio do CEIP Pintor Laxeiro" (655-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 157.354,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.309,42 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(358).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA". EXPTE. 652/441.**

Visto o informe de fiscalización do 29/04/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación da mesma data, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

## **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construcción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA DA VENDA" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €) e sinatura dixital de data 12 de maio de 2018.*





## Concello de Vigo

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 09 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (269.358,34 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 46.748,14 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).*

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021 de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda do Sobre A (DEUC) sen asinar (artigo 140.1a da LCSP).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na Estrada da Venda” (652-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
<b>1</b>	<b>OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.</b>	<b>95,89</b>
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	94,07
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,68
4	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,39
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,09
6	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	91,78
7	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	89,33
8	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	86,91
9	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	86,42

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 16 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 27 de abril, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 29 de abril de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 5 e 9 de abril de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

1. *“Tomar razón do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, de non admitir neste procedemento a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda do Sobre A (DEUC) sen asinar (artigo 140.1a da LCSP).*
2. *Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na Estrada da Venda” (652-441) por un prezo total de 199.944,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.701,15 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(359).- RECOÑECEMENTO DE INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE SERVICIOS SECURITAS S.A. POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS AUXILIARES PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA, COMO CONSECUENCIA DO COVID-19. EXPTE. 6457/241.**

Visto o informe de fiscalización do 27/04/21, dáse conta do informe-proposta do 12/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).

- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 9 de abril de 2020, a Xunta de Goberno local acordou:

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de SERVICIOS AUXILIARES PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA (23.923-332), adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.*

**Segundo.-** Con data do 11 de xuño de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de navia (23.923-332), o luns 15 de xuño de 2020, nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, así*



## Concello de Vigo

*como, adoptar as medidas necesarias previas á apertura ao público das instalacións.”*

**Terceiro.-** O 30 de setembro de 2020, SERVICIOS SECURITAS, S.A. (empresa adxudicataria do contrato) presenta no Rexistro do Concello de Vigo (documento número 200057859) escrito de solicitude de indemnización dos danos e perdas a consecuencia da suspensión do contrato administrativo de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.923-332), de acordo co establecido no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, polo período do 14 de marzo ao 14 de xuño. Complementa esta solicitude coa presentación de nova documentación o 11 de novembro e o 16 de decembro de 2020 (documentos 200177568, 200206377 e 200263623).

**Cuarto.-** En data 25 de marzo de 2021 a xefa do Servizo de Educación informa o seguinte:

*“Con data 30 de setembro de 2020, Servicios Securitas, S. A., presenta no Rexistro do Concello de Vigo solicitude de indemnización (doc 200177568) con motivo da suspensión do contrato de servizos auxiliares nos espazos da Sala de lectura-Biblioteca de Navia, na rúa Teixugueiras 26 B, do que é adxudicataria. Posteriormente, en data 11 de novembro, a mesma empresa presenta documentación complementaria desta solicitude (doc 200206377), e en data 26 de febreiro de 2021 reitera de novo a solicitude de indemnización (doc.210031474).*

*En relación ao solicitado:*

*1.- O Concelleiro delegado de Educación, en data 10 de xaneiro de 2020, resolveu autorizar o contrato menor de servizos auxiliares necesarios para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia, sita en Vigo, na rúa Teixugueiras 26-B, autorizando e comprometendo o gasto polo importe de 10.995,27 euros a favor da empresa SERVICIOS SECURITAS, S.A (expdte 23923/332).*

*2.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de abril de 2020, acordou:*

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato de SERVIZOS AUXILIARES PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA SALA DE LECTURA-BIBLIOTECA DE NAVIA (23.923-332), adxudicado a SERVICIOS SECURITAS, S.A., como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión”.*

*3.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de xuño de 2020 acordou:*

*“1º.- Reanudar a execución total do contrato de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de navia (23.923-332), o luns 15 de xuño*

*de 2020, nas condicións establecidas polas autoridades sanitarias competentes, así como, adoptar as medidas necesarias previas á apertura ao público das instalacións."*

*4.- Tras a reanudación do contrato e tendo en conta o tempo de duración da suspensión o mesmo finalizaría en data 24 de xullo de 2020, non obstante, resultou necesario manter este servizo ata o 31 de xullo de 2020, polo que, por resolución do Concelleiro delegado de Educación e Xuventude de 22-07-2020 autorizouse a tramitación dun RC/ADM complementario por importe de 916,27 € (IVE incluído). (Complemento AD sobre RC. Contrato Menor ADRCCM 202000047005)*

*5.- O Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19", no seu Artigo 34, establece que:*

*"Los daños y perjuicios por los que el contratista podrá ser indemnizado serán únicamente los siguientes:*

*1.º Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión.*

*2.º Los gastos por mantenimiento de la garantía definitiva, relativos al período de suspensión del contrato.*

*3.º Los gastos de alquileres o costes de mantenimiento de maquinaria, instalaciones y equipos relativos al periodo de suspensión del contrato, adscritos directamente a la ejecución del contrato, siempre que el contratista acredite que estos medios no pudieron ser empleados para otros fines distintos durante la suspensión del contrato.*

*4.º Los gastos correspondientes a las pólizas de seguro previstas en el pliego y vinculadas al objeto del contrato que hayan sido suscritas por el contratista y estén vigentes en el momento de la suspensión del contrato.*

*No apartado 8 do dito artigo 34 engade: " A los efectos de lo señalado en el presente artículo, los gastos salariales a los que en él se hace alusión incluirán los relativos a las cotizaciones a la Seguridad Social que correspondieran."*

*6.- Na solicitude de indemnización, Servi Securitas adxunta documentación acreditativa de pago polos gastos salariais das traballadoras incluídas nos listados de traballadoras adcritas á empresa a 14/03/2020, (listado que coincide coa relación de traballadoras presentada o 06-04-2020, (doc 20047521), relativos ao periodo comprendido entre o 14 de marzo e o 15 de xuño de 2020.*

*Unha vez analizada a documentación aportada, coa que a funcionaria que subscribe manifesta a súa conformidade estimase procedente unha indemnización a SERVICIOS SECURITAS, S.A, pola suspensión do contrato de servizos auxiliares nos espazos da Sala de lectura-Biblioteca de Navia, (expdte 23923/332) durante o periodo comprendido entre o 14/03/2020 ao 14/06/2020, polos seguintes importes:*



## Concello de Vigo

### *Gastos salariais:*

1.555,96 € (periodo 14 ao 31/03/2020)

2.673,67 € (periodo 01 ao 30/04/2020)

2.666,63 € (periodo 01 ao 31/05/2020)

1.248,59 € (periodo 01 ao 14/06/2020)

8.144,85€ TOTAL

*Esta cantidade aplicarase a partida orzamentaria 3260.2279915 "Sá de lectura de Navia" e bolsa de vinculación cedendo crédito a partida 3260.2279919 "Transportes escolares".*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### **RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo

permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos términos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.

-II-

## **PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUIZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutra contrato.

2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.

3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformida-





## Concello de Vigo

de co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período 14 de marzo a 14 de xuño de 2020.

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 ("*Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión*") e que a xefa do Servizo de Educación expresa no seu informe de data 25 de marzo de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.923-332) formalizado con SERVICIOS SECURITAS, S.A., declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 14 de xuño de 2020 (o 15 de xuño reanudouse o servizo), por importe de 8.144,85 euros.

-III-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

## ACORDO

*“1º.- Recoñecer o dereito de SERVICIOS SECURITAS, S.A. a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato de servizos auxiliares para a posta en funcionamento da sala de lectura-biblioteca de Navia (23.923-332), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 14 de xuño de 2020, por importe de 8.144,85 euros, en concepto de gastos salariais abonados efectivamente polo contratista ao persoal adscrito á execución ordinaria do contrato.*

*2º.- Esta contía imputarase á aplicación orzamentaria 3260.2279915 "Sá de lectura de Navia" e bolsa de vinculación cedendo crédito a partida 3260.2279919 "Transportes escolares".*

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(360).- RECOÑECEMENTO DE INDEMNIZACIÓN A FAVOR DE A BILLAR-DA S.L. POLOS DANOS E PERDAS CAUSADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DOS SERVIZOS TÉCNICO DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICODEPORTIVAS DO PROGRAMA DE “XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES”, COMO CONSECUENCIA DO COVID-19. EXPTE. 6471/241.**

Visto o informe de fiscalización do 28/04/21, dáse conta do informe-proposta do da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSPP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer freto ao impacto económico e social do COVID-19 (RDL 8/2020).



## Concello de Vigo

- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da Fase 1 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Acordo do Consello de la Xunta de Galicia de 13 de marzo de 2020 polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 12 de marzo de 2020, de ampliación do primeiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 14 de marzo de 2020, do terceiro paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de 15 de marzo de 2020, do cuarto paquete de medidas COVID-19.
- Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 11 de maio de 2020, do vixésimo noveno paquete de medidas do COVID-19.
- Prego de cláusulas administrativas que rexe o procedemento aberto dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de “Ximnasia para persoas maiores” (PCAP)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 30 de agosto de 2018, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”, autorizou o gasto e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

**Segundo.-** En data 12 de novembro de 2018 a XGL acordou adxudicar este contrato a A BILARDA, S.L., por un prezo de 39.131,40 euros e un prazo de dous anos. O contrato formalizouse o día 29 de novembro e comezou a súa execución o día 1 de decembro do mesmo ano.

**Terceiro.-** Mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Cuarto.-** O RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19.

**Quinto.-** O 24 de Abril, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a declaración de imposibilidade total de execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 (expediente 6471-241):

*“1º.- Declarar a imposibilidade total de execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” (expte: 17091-333) formalizado con “A BILLARDA S.L.” como consecuencia das medidas adoptadas polas autoridades durante a situación xerada polo coronavirus COVID-19.*

*2º.- A suspensión terá efectos desde o 14 de marzo de 2020, data na que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. A estes efectos, entenderase que a prestación poderá reanudarse cando cesen as circunstancias ou medidas que a determinaron e se notifique ao contratista o fin da suspensión.”*

**Sexto.-** En data data 26 de xuño de 2020, A Billarda S.L. presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (documento nº 200113676) solicitude de indemnización polo período de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido, comprendido entre o 14/03/2020 e o 26/06/2020.

**Sétimo.-** En data 1 de outubro de 2020 A Billarda, S.L., presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (documento nº 200178385) documentación complementaria para a indemnización polo total dos gastos salariais devengados no período de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido (entre o 14/03/2020 e o 30/06/2020).

**Oitavo.-** En data 12 de marzo de 2021 a XGL acordou:

*“1º.- Resolver o contrato dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores” adxudicado a A BILLARDA, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local o 23 de outubro de 2018 por un prezo total de 39.131,40 euros e un prazo de execución de 2 anos, por concorrer a causa prevista no artigo 211..l.g da LCSP (“a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato”).*

*2º.- Aboar a A BILLARDA, S.L., 415,77 euros como indemnización pola parte no executada do contrato, consonte ó previsto no artigo 213.4 LCSP, con cargo á aplicación orzamentaria 34102279925”.*

**Noveno.-** En data 27 de abril de 2021, o xefe do servizo de Deportes informa sobre a solicitude de indemnización presentada por A BILLARDA:

*“Con data 26 de xuño de 2020, a entidade A Billarda S.L. (empresa adxudicataria do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de “ximnasia para persoas maiores” expte: 17091-333) presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de indemnización polo período de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido, periodo comprendido entre o 14/03/2020 e o 26/06/2020. Mediante documento nº 200113676 presenta*



## Concello de Vigo

*solicitude ao órgano de contratación do Concello de Vigo para que se validen os danos e prexuízos relacionados co expediente adxudicado. Estes gastos comprenden gastos salariais dos meses de marzo e abril, porcentaxe de garantía definitiva e porcentaxe de gastos correspondentes á poliza de seguros prevista no prego de condicións e vinculadas ao obxecto do contrato (FEC 13.A: seguro de responsabilidade civil).*

*Coa dita solicitude achega a seguinte documentación:*

*- Copia de documento bancario de data 01.04.2020 "Adeudo facturación" por importe de 3.181,56€.*

*- Copia de documento bancario de data 01.04.2020 "Adeudo facturación" por importe de 7.914,03€*

*- Copia de documento bancario de data 04.05.2020 "Adeudo facturación" por importe de 1.871,29€.*

*- Copia de documento bancario de data 04.05.2020 "Adeudo facturación" por importe de 3.446,81€.*

*- Copia de documento bancario de data 30.04.2020 "TGSS cotización 001 régimen general" por importe de 1.480,84€.*

*- Copia de documento bancario de data 30.04.2020 "TGSS cotización 001 régimen general" por importe de 3.175,86€.*

*- Copia de documento bancario de data 29.05.2020 "TGSS cotización 001 régimen general" por importe de 1.361,67€.*

*- Copia de documento bancario de data 29.05.2020 "TGSS cotización 001 régimen general" por importe de 2.462,53€.*

*- Copia do recibo da póliza de Responsabilidade civil general anual renovable con vixencia desde o 13/12/2019 ó 13/12/2020, por un importe total de 2.759,90 €.*

*- Recibos de liquidación de Cotizacións á TGSS de data 14/05/2020.*

*- Copia sen codificar da Relación nominal de traballadores da empresa.*

*- Solicitude de indemnización motivada pola suspensión da execución do contrato.*

*Faise constar que se comproba que no expediente 17091-333 consta (trámite 368) o certificado asinado polo Tesoureiro do Concello de Vigo con data 05/11/2018 polo concepto de Garantía definitiva por importe de 1.940,40 €.*

II. Con data 01 de outubro de 2020, a requirimento da Concellería de Deportes, a mercantil A Billarda S.L. (empresa adxudicataria do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "ximnasia para persoas maiores" expte: 17091-333) presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, o documento nº 200178385, no que xunta documentación complementaria para a indemnización polo total dos gastos salariais devengados no período de tempo no que o contrato adxudicado estivo suspendido, período comprendido entre o 14/03/2020 e o 30/06/2020.

Coa dita solicitude achega a seguinte documentación:

- Solicitude de indemnización que detalla a relación de gastos.
- Declaración responsable.
- Recibos de pagamento de nóminas abonadas a cada traballador.
- Datos dos traballadores adscritos ao contrato, con indicación do salario bruto, salario neto, descontos, seguridade social e custe total da empresa.
- Copia de documento bancario de data 04.05.2020 "Adeudo facturación" por importe de 3.446,81€.
- Copia de documento bancario de data 01.06.2020 "Adeudo facturación" por importe de 2.033,20 €.
- Copia de documento bancario de data 02.07.2020 "Adeudo facturación" por importe de 2.171,85 €.
- Documentos TC2 "RELACIÓN NOMINAL DE TRABAJADORES" meses de marzo, abril, maio e xuño 2020.
- Documentos "RECIBO LIQUIDACIÓN DE COTIZACIONES" meses de marzo, abril, maio e xuño 2020.
- Recibos do pagamento trimestral do modelo 111 á AEAT.
- Solicitude de indemnización complementaria da anterior, no que se incrementan os gastos salariais, ata o 30.06.2020.

III. A totalidade da documentación necesaria para xustificar a indemnización solicitada, inclúese nos documentos seguintes:

- Documento número 200113676 de data 26.06.2020, que inclúe a documentación relacionada no apartado I, para a indemnización dos gastos salariais entre o 14.03.2020 e o 30.04.2020, porcentaxe da garantía definitiva e porcentaxe de de gastos correspondentes á póliza de seguro de responsabilidade civil.



## Concello de Vigo

- Documento número 200178385 de data 01.10.2020, que inclúe a documentación complementaria relacionada no apartado II, para a indemnización dos gastos salariais devengados no período comprendido entre o 14.03.2020 e o 30.06.2020

Unha vez analizada a documentación, o técnico que subscribe, na súa condición de responsable do contrato, manifesta a súa conformidade coa indemnización solicitada pola empresa adxudicataria A Billarda, SL con CIF B27278845, pola suspensión do contrato para a prestación dos servizos técnicos docentes para o desenvolvemento do "programa de ximnasia para persoas maiores", durante o período comprendido entre o 14.03.2020 ao 30.06.2020 polo importe total de 4.691,38 €, distribuído nos seguintes conceptos de gasto indemnizables:

Gastos salariais: 4.598,26 €

Gastos de garantía definitiva: 2,40 €

Gastos relativos a equipos adscritos directamente ao contrato: 0 €

Gastos relativos á poliza de seguros R.C: 90,72 €

Total: 4.691,38 €

Polo anteriormente exposto, entendo procedente facer a seguinte PROPOSTA:

1) Indemnizar á empresa adxudicataria A Billarda, SL con CIF B27278845, por mor da suspensión do contrato para a prestación dos servizos técnicos docentes para o desenvolvemento do "programa de ximnasia para persoas maiores", durante o período comprendido entre o 14.03.2020 ao 30.06.2020 polo importe total de 4.691,38 €, distribuído nos seguintes conceptos de gasto indemnizables:

Gastos salariais: 4.598,26 €

Gastos de garantía definitiva: 2,40 €

Gastos relativos a equipos adscritos directamente ao contrato: 0 €

Gastos relativos á poliza de seguros R.C: 90,72 €

2) O importe desta indemnización aplicarase con cargo ao crédito existente na partida 3410. 2279925 "Usos instalacións deportes maiores" do orzamento vixente da Concellería de Deportes para o exercicio actual, que conta con crédito adecuado e suficiente."

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### RECOÑECIMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERDAS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19

No artigo 34 RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo regúlanse as medidas en materia de contratación pública para pa-

liar as consecuencias do COVID-19, entre as que se regula a suspensión total ou parcial daqueles contratos públicos de servizos e de subministro de prestación sucesiva, á entrada en vigor do Real Decreto, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público, cuxa execución debeña imposible como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Dita suspensión terá efectos desde que se produciu a situación de feito que impide a súa prestación e ata que poida reanudarse. Para estes efectos, entenderase que a prestación pode reanudarse cando, cesando as circunstancias ou medidas que a viñeran impedindo, o órgano de contratación notificara ao contratista o fin da suspensión.

Asemade cando se produza a suspensión dun contrato público, a entidade adxudicadora deberá aboar ao contratista os danos ou prexuízos efectivamente sufridos por este durante o período de suspensión, previa solicitude e acreditación fidedigna da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.

Os danos e perdas polos que o contratista poderá ser indemnizado serán unicamente os seguintes:

1.º Os gastos salariais que efectivamente abonara o contratista ao persoal que figurara adscrito na data 14 de marzo de 2020 á execución ordinaria do contrato, durante o período de suspensión. Ditos gastos incluírán os relativos ás cotizacións de Seguridade Social que corresponderan.

En caso de que entre o persoal que figurara adscrito á execución ordinaria do contrato na data 14 de marzo de 2020, durante o período de suspensión, se atope persoal afectado polo permiso retribuído recuperable previsto no Real Decreto Lei 10/2020, de 29 de marzo, o abono pola entidade adxudicadora dos correspondentes gastos salariais terá o carácter de abono a conta pola parte correspondente ás horas que sexan obxecto de recuperación nos termos do artigo 3 de dito Real Decreto Lei, a ter en contra na liquidación final do contrato.

2.º Os gastos por mantemento da garantía definitiva relativos ao período de suspensión do contrato.

3.º Os gastos de alugueres ou custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos relativos ao período de suspensión do contrato, adscritos directamente á execución do contrato, sempre que o contratista acredite que estes medios non puideron ser empregados para outros fins distintos durante a suspensión do contrato.

4.º Os gastos correspondentes ás pólizas de seguro prevista no prego e vinculadas ao obxecto do contrato subscritas polo contratista e que estean vixentes no momento da suspensión do contrato.

Dita indemnización soamente procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista apreciara a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19 ou as medidas adoptadas polo Estado, as Comunidades Autónomas ou a Administración Local para combatelo.

Non se aboarán indemnizacións por extinción ou suspensión dos contratos de traballo nin o 3 por 100 do prezo das prestacións que deberá haber executado o contratista durante o período de suspensión consonte ao previsto no programa de traballo ou no propio contrato.





**Concello de Vigo**

-II-

**PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DO DEREITO A SER INDEMNIZADO POLOS DANOS E PERXUÍZOS CAUDADOS POLA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO COMO CONSECUENCIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

No devandito artigo 34 do RD-Lei 8/2020, do 17 de marzo, regúlase o seguinte procedemento para o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perxuízos causados pola suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus COVID-19 :

- 1.- Solicitud: o contratista deberá solicitar a declaración de imposibilidade de execución ao órgano de contratación reflectindo as razóns polas que a execución do contrato deveu imposible; o persoal, as dependencias, os vehículos, a maquinaria, as instalacións e os equipos adscritos á execución do contrato nese momento; e os motivos que imposibilitan o emprego polo contratista dos medios citados noutro contrato.
- 2.- Declaración de imposibilidade de execución do contrato como consecuencia do COVID-19: o órgano de contratación a instancia do contratista deveu apreciar a imposibilidade de execución como consecuencia do COVID-19 e, en consecuencia a suspensión da execución do contrato.
- 3.- Resolución: o órgano de contratación resolverá a solicitude de indemnización formulada polo contratista no prazo máximo de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, elo de conformidade co artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O transcurso de dito prazo sen que a Administración resolva determinará a desestimación da solicitude por silencio. Non entanto, a Administración poderá adoptar unha resolución expresa posterior ao vencemento do prazo non vinculada ao sentido do silencio, tal e como dispón o artigo 24.3.b) da LPAC.

O dereito a reclamar a indemnización prescribe ao ano contado desde que o contratista recibe a orde de reanudar a execución do contrato consonte ao artigo 208.2.c) da LCSP.

Nos contratos de servizos e de subministracións de prestación sucesiva que estean suspendidos o órgano de contratación poderá conceder a instancia do contratista un anticipo a conta do importe estimado da indemnización que lle puidera corresponder. O abono do anticipo poderá realizarse nun solo pagamento ou mediante pagamentos periódicos. Este importe anticipado descontarase, no seu momento, da liquidación definitiva dos danos e perdas ocasionados pola suspensión do contrato.

No caso que nos ocupa o contratista presenta solicitude de indemnización do período comprendido entre o 14 de marzo e o 30 de xuño de 2020 (documentos nº 200113676 e 200178385 de datas 26 de xuño e 1 de outubro de 2020 respectivamente).

A solicitude presentada polo contratista en relación ao recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execu-

ción do contrato cumpre cos requisitos esixidos na normativa aplicable e foi informada favorablemente polo servizo xestor.

En consecuencia, tendo en conta que a indemnización solicitada encaixa nos supostos indemnizables recollidos no artigo 34.1 do RD 8/2020 ("Los gastos salariales que efectivamente hubiera abonado el contratista al personal que figurara adscrito con fecha 14 de marzo de 2020 a la ejecución ordinaria del contrato, durante el período de suspensión") e que o xefe do Servizo de Deportes expresa no seu informe de data 26 de marzo de 2021 a súa conformidade coa documentación achegada polo contratista, sen prexuízo do que resulte da fiscalización previa da Intervención Xeral, procede acordar o recoñecemento do dereito a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (expediente 17091-333), formalizado con A BILLARDA, S.L., declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 30 de xuño de 2020, por importe de 4.691,38 euros.

-III-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

#### ACORDO

*"1º.- Recoñecer o dereito de A Billarda S.L., a ser indemnizado polos danos e perdas causados como consecuencia da suspensión da execución do contrato contrato dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físicodeportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (expediente 17091-333), declarada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 24 de abril de 2020 con efectos desde o 14 de marzo de 2020 ata o 30 de xuño de 2020, por importe de 4.691,38 euros, polos seguintes conceptos:*

- *Gastos salariais: 4.598,26 €*
- *Gastos de garantía definitiva: 2,40 €*
- *Gastos relativos á poliza de seguros R.C: 90,72 €*

*2º.- Esta contía imputarase á aplicación orzamentaria 3410. 2279925 "Usos instalacións deportes maiores".*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



**Concello de Vigo**

**10(361).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO EN RELACIÓN CO “CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO, DUNHA PROPOSTA DESENVOLVIDA A NIVEL DE ANTEPROXECTO, QUE SIRVA DE BASE AO CORRESPONDENTE PROXECTO TÉCNICO, BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS NECESARIAS PARA LEVAR A CABO A CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO NO ENTORNO DE GARCÍA BARBÓN E VÍA NORTE, NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 677/441.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, asinado o 03/05/21, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 89/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 71/2021, interposto por MORPHOSIS ESPAÑA, SLP contra o acordo de adxudicación e exclusión do “Concurso de proxectos con intervención de xurado, dunha proposta desenvolvida anivel de anteprojecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico ede execución das obras necesarias para levar a cabo a conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño no entorno de García Barbón e Vía Norte, no Concello de Vigo”, expediente 677-441 deste Concello. Na mesma o TACGAL estima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

“1. Desestimar o recurso interposto por MORPHOSIS ESPAÑA, SLP contra o acordo de exclusión e inadmitir a impugnación contra o acordo de adxudicación do “Concurso de proxectos con intervención de xurado, dunha proposta desenvolvida anivel de anteprojecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico ede execución das obras necesarias para levar a cabo a conexión peonil entre as rúa Serafín Avendaño no entorno de García Barbón e Vía Norte, no Concello de Vigo”, expediente 677-441 dese Concello.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53LCSP .

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.”

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(362).- REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á AVV CAMINO VELLO DE COIA, AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2020. EXPTE. 17929/77.**

Visto o informe de fiscalización do 23/04/2021, dáse conta do informe-proposta de data 27/04/21, asinado pola técnico de xestión, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución 23/10/19), o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020.

**ANTECEDENTES**

Con data 06/02/2020, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2020. (expte. 17040/77).

Con data 21/02/20, publicouse no BOP, a convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2020, dando comezo ao prazo de presentación de solicitudes desde o 24/02/2020 ao 9/03/2020 ambos incluídos.

Con data do 02/03/2020 a AVV CAMINO VELLO DE COIA (CIF:G36648186) presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de subvención para o fomento do emprego en Entidades sen ánimo de lucro 2020 (expte. 17132/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/08/2020 acordou concederlle unha subvención por importe de 9.529,80 €.

Con data do 20.08.2020 e rexistro de saída número 60047 comunícaselle a concesión da axuda, o importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 28.08.2020 a AVV CAMINO VELLO DE COIA presentou na sede electrónica do Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito de solicitude dun anticipo do 50% da subvención concedida para o ano 2020 dentro do programa de axudas para o Fomento do Emprego para a realización das accións previstas no convenio (expte. 17514/77).



## Concello de Vigo

En atención á solicitude achegada, e en aplicación da cláusula 5ª das “bases das subvencións de fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, deuse trámite ao anticipo do 50%, procedendo ao pagamento de 4.764,90 € con data 16/09/2020.

Con data do 15.10.2020 a entidade AVV CAMINO VELLO DE COIA achegou a través da sede electrónica e dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da subvención concedida (expediente 17722/77).

Examinada a dita documentación xustificativa, apreciase a realización das actividades contempladas no proxecto, sendo o montante total da subvención xustificada de 4.077,64 €.

Na xustificación da realización do citado proxecto, dita asociación presenta nóminas, TC1 e TC2, modelo 111 así como as súas correspondentes certificacións bancarias, memoria explicativa das accións realizadas.

De acordo co exposto e logo da xustificación final, resulta procedente a incoación de REINTEGRO PARCIAL da subvención concedida, pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, que ascende a un importe de **687,26 €** (4.764,90 – 4.077,64).

Con data 23/04/2021, o servizo de Intervención fiscaliza o expediente favorablemente con observacións, sinalando que na Resolución deberáselle indicar ao beneficiario os prazos de pagamento segundo o establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

Á vista do anterior se incorpora á proposta de resolución a indicación dos prazos de pagamento.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras da convocatoria do ano 2020 de subvencións para o fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro, expediente 17040/77, establecen as obrigas que asumen as entidades subvencionadas, entre as que se inclúen nomeadamente (Bases 7ª e 17ª) as de:

- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.
- Acreditar que se realizaron os contratos e os gastos subvencionados asumindo as obrigas (salarios, impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
- Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.

En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

#### - Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a proce-

dencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co seguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 17929/77, asinada polo concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 04.01.2021, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada á AVV CAMINO VELLO DE COIA (CIF:G36648186).

Mediante notificación co número de saída 664 asinada pola técnica de xestión de data 12/01/2021 (PD da secretaria do Goberno Local, Resolución do 17/07/2019), e recibida na mesma data (12/01/2021) efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Transcorrido o prazo outorgado sen que, pola beneficiaria, se teña formulado alegación algunha, e xa que logo, examinados o expediente nº 17132/77 de solicitude da axuda, o expediente nº 17514/77 de solicitude de anticipo do 50% e o expediente nº 17722/77 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas ditas bases reguladoras da convocatoria e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verificase que, logo da xustificación final, resulta procedente propoñer o REINTEGRO PARCIAL da subvención outorgada á AVV CAMINO VELLO DE COIA pola diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo e o finalmente xustificado, por importe de **687,26 €** e de **12,49 €** correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	<b>15/09/2020</b>	Importe para o cálculo:	<b>687,26 €</b>
Data fin do cálculo:	<b>11/03/2021</b>	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>



## Concello de Vigo

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
15/09/2020	11/03/2021	177	3,75	687,26	12,49
<b>TOTAIS</b>					<b>699,75 €</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Polo que respecta ao prazo para efectuar o aboamento das cantidades a reintegrar, de conformidade co disposto no art. 62.2 Lei 58/2003 xeral tributaria, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 de cada mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 31/01/2020; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17.08.2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Requirir á AVV CAMINO VELLO DE COIA (CIF:G36648186) o reintegro parcial da cantidade de **699,75 €** que se corresponde coa diferenza entre o cobrado en concepto de anticipo do 50 % da axuda concedida e o finalmente xustificado por importe de **687,26 €**

ao que se engaden 12,49 € correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago ata a data da adopción do presente acordo; de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvencións para fomento de emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020 e, da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á entidade do prazo para o aboamento das cantidades debidas en concepto de reintegro parcial da subvención, de xeito que, se a notificación da liquidación se recibe entre os días 1 e 15 do mes, o pago deberá realizarse ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. Se recibe a dita notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

**TERCEIRO(363).-** Dar conta á entidade do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **12(363).- ABOAMENTO DE DIETAS POR ASISTENCIAS Á COMISIÓN DE SELECCIÓN DO ALUMNADO-TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO VIGO CAPACITA VI. EXPTE. 18060/77.**

Visto o informe de fiscalización do 26/04/21, dáse conta do informe-proposta do 05/05/21, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- No DOG Núm. 14 do Mércores, 22 de xaneiro de 2020, consta publicada a Orde do 27 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código do procedemento TR353A).





## Concello de Vigo

Trátase dun programa financiado con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020-2021.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de febreiro de 2020, acordou aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA VI", elaborado polo Servizo de Participación cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo (expte. 17067-77) e presentar a solicitude da axuda; que foi remitida a través da sede electrónica da Xunta de Galicia con data 21 de febreiro de 2021.

III.- Logo da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, mediante Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto sétimo decreta a suspensión e a interrupción dos prazos dos procedementos das entidades do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

IV.- Con data 7/08/2020, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral, resolveu continuar ca tramitación dos procedementos de concesión de subvencións convocados pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, cuxas bases reguladoras e convocatoria estivesen publicadas con anterioridade á entrada en vigor do RD 463/2020, do 14 de marzo, e que figuren no anexo do Acordo do Consello da Xunta do 24 de abril de 2020, entre outros, Procedemento TR353A. Convocatoria 2020 para a realización dos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

V. Con data 18 de novembro de 2020, o Rexistro xeral do Concello de Vigo recibe a notificación da concesión da subvención mediante resolución do xefe territorial do servizo de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, concedendo a subvención por importe total de 346.946,00 € para a realización do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA VI" e 30.000,00 € para incentivos á contratación laboral (Nº de expte. TR353A 36/00024/2020), que supón a aceptación do financiamento dos custos de formación profesional para o emprego para 20 alumnos/as traballadores/as distribuídos en diversas especialidades formativas.

VI. Con data 19 de novembro de 2020, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego e informe favorable do servizo de Intervención Xeral Municipal de data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a aceptación da subvención concedida (expte. 17848-77)

VII. A Orde da convocatoria regula dun xeito xenérico o procedemento de selección de todo o persoal participante no programa, polo que a DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL emitiu a CIRCULAR NÚM. 53/2020 de data 22/07/2020, para ditar directrices máis polo miúdo, coa finalidade de dotar dunha maior transparencia e eficacia a xestión do dito procedemento, así como para que todas as entidades sigan unhas pautas de actuación que terán o carácter de xerais e que cada unha concretará atendendo ás peculiaridades de cada un dos proxectos.

A selección da dita convocatoria, foi realizada pola entidade promotora, sendo a encargada de seleccionar o persoal directivo, docente e de apoio e ao alumnado dos programas e obradoiros duais de emprego.

VIII. A través dos expedientes núm. 17849/77 e 17850/77 se tramitaron os procesos e **as bases de selección**, respectivamente, do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) e do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI (cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, conforme a resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo notificada en data 18/11/2020, ao abeiro da *Orde de 27 de decembro de 2019* (DOG núm. 14, de 22 de xaneiro de 2020) *pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia*, co número de expediente 36/00024/2020, polo importe de **346.946,00 €**, para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado (expte. 17849/77)

IX. Por resolución do concelleiro delegado de Cultura e Emprego de data 27/11/2021 se aprobou a composición da Comisión de selección do equipo directivo, composta por (5) cinco membros (presidente/a, secretario/a, vogal e dous asesores/as) que percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal:

Presidenta	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local
Secretaria	Lucía Trillo Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Vogal	Rosa M <sup>a</sup> Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de xestión
Suplentes	M <sup>a</sup> Carmen Pazos Area	Funcionaria	A1	Xefa de servizo de inspección de tributos
	Cristina Gago Alonso	Funcionaria	C2	Auxiliar Administrativa
	Sara Castro Cerqueira	Funcionaria	C2	Auxiliar Administrativa
Persoal técnico asesor	Ana M <sup>a</sup> Mouriz Martínez	Laboral	A1	Coordinadora do plan de emprego
	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Laboral	A2	Orientadora Laboral/ Técnica de emprego

X. Con data 16/12/2020, se aprobou a acta final da selección establecéndose a orde de prelación das persoas seleccionadas e a listaxe de reserva das suplentes.

En base ás consideracións expostas, unha vez rematado o proceso selectivo e de acordo coas actas asinadas pola Secretaria e o resto dos compoñentes da Comisión de Selección, trala publicación na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, dos anuncios cos resultados provisionais e definitivos do proceso determínase a relación de

perceptores das devanditas asistencias á Comisión de selección do ALUMNADO-TRABALLADOR do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI (cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia) que deseguido se relacionan e, polo concepto que se indica:



## Concello de Vigo

### PROCESO SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR O.E. VIGO CAPACITA VI

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias		Dietas		CONSTITUCIÓN E ENTREVISTA PERSOAL	BAREMACIÓN	ACTA FINAL
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL	03/12/20			
Asesora especialista	****6223P	Sonia María Martínez Alonso	3	42,83 €	128,49 €		1	1	1
Asesora especialista	36096****	Ana Mouriz Martínez	1	45,89 €	45,89 €		1		
		<b>TOTAL ASESORES</b>	<b>4</b>	<b>88,72 €</b>	<b>174,38 €</b>				
Presidenta.	77597****	Carla Candia Paz	3	45,89 €	137,67 €		1	1	1
Secretaría	****8186J	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	3	45,89 €	137,67 €		1	1	1
		<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>	<b>6</b>	<b>91,78 €</b>	<b>275,34 €</b>				
Vogal	76965****	Rosa Mª Otero Malvarez	3	42,83 €	128,49 €		1	1	1
		<b>TOTAL VOGAIS</b>	<b>3</b>	<b>42,83 €</b>	<b>128,49 €</b>				
		<b>TOTAL COMISIÓN DE SELECCIÓN</b>	<b>13</b>	<b>223,33 €</b>	<b>578,21 €</b>				

O importe total de dietas polos compoñentes da Comisión de Selección supón a cantidade de 673,05 €

O importe total dietas dos/as asesores técnicos, supón a cantidade de 214,15 €

O gasto por importe de **887,20 €** (673,05 € de compoñentes da comisión e 214,15 € de Asesores Técnicos), abonarase con cargo á aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas tribunais”

### PROPOSTA

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e das competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019 e modificacións posteriores, sométese á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1. Comprometer o gasto de **887,20 €**, que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **2410.2330000** de “Dietas tribunais”
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias á Comisión de selección do EQUIPO DIRECTIVO (expertos/as docentes, director/a, titor/a e persoal administrativo) do obradoiro dual de emprego VIGO CAPACITA VI:

### Comisión de selección :

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias		Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL	
Presidenta.	77597****	Carla Candia Paz	3	45,89 €	137,67 €	
Secretaría	****8186J	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	3	45,89 €	137,67 €	
		<b>TOTAL PRESIDENTA/SECRET.</b>	<b>6</b>	<b>91,78 €</b>	<b>275,34 €</b>	
Vogal	76965****	Rosa Mª Otero Malvarez	3	42,83 €	128,49 €	
		<b>TOTAL VOGAIS</b>	<b>3</b>	<b>42,83 €</b>	<b>128,49 €</b>	

### Asesores/las técnicos/las:

Membros dos tribunais e asesores técnicos	DNI	Nome e apelidos	Asistencias	Dietas	
			Nº días	Importe Categoría 3ª	TOTAL
Asesora especialista	****6223P	Sonia María Martínez Alonso	3	42,83 €	128,49 €
Asesora especialista	36096****	Ana Mouriz Martínez	1	45,89 €	45,89 €
		<b>TOTAL ASESORES</b>	4	88,72 €	174,38 €

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(364).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-8 POR UN PERÍODO MÁXIMO DE DOUS MESES DE DURACIÓN. EXPTE. 10306/224.**

Dáse conta do informe-proposta de data 30/04/21, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a concelleira-delegada de Área e pola asesora xurídica da mesma, que di o seguinte:

O día 7 de setembro de 2020 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE: \*\*\*\*2463\*, onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollimento temporal, acompañada do seu fillo menor, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE núm. \*\*\*\*2463\* e o seu fillo, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/09/2020.

Desde o día 17 de setembro de 2020 a dita unidade familiar, permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

A proposta dos servizos municipais de atención á muller, a Xunta de Goberno Local en data 12 de marzo de 2021 acorda aprobar unha prórroga de estancia por un período de dous meses a contar desde o día 17 de marzo de 2021.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha traballadora social e unha psicóloga fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No infor-



## Concello de Vigo

me de seguimento que emite este equipo municipal en data 30 de abril de 2021 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a dous meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha segunda prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de dous meses de duración a contar desde o día 17 de maio de 2021 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 10306/224.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(365).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL. EXPTE. 48997/446.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 03/05/2021, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 22 de abril de 2021 e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en data 23 de abril de 2021, asinaron o seguinte informe proposta:

*“1.- En data 12 de febreiro de 2021, xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 15 de febreiro de 2021, co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do Subministro e instalación de varanda de aceiro inoxidable para o paseo das zonas verdes de Samil (expte. 48997/446).*

*2.- En data 19 de febreiro de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 20 de febreiro de 2021, a memoria económica (MEC).*

3.- En data 15 de marzo de 2021, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo emite documento económico de retención de crédito, RC 202100024096, por importe de 121.000,00€.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 16 de marzo de 2021, asínase polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 20 de abril de 2021, asínase polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 21 de abril de 2021, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 21 de abril de 2021.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero atópase contemplado no orzamento vixente, constando no expediente de contratación o seu documento contable correspondente (RC nº 202100024096).

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en resolución de 15 de febreiro de 2021, autorizou o inicio deste expediente de contratación.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 16 da LCSP trátase dun contrato de subministro e, en concreto, de subministro en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado, e a forma de tramitación do expediente é a ordinaria, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 100.000,00€.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL**, así como o prego de prescricións

técnicas particulares, asinado na data 16 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 21 de abril de 2021.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 121.000,00€, que inclúe un IVE de 21.000,00€, o cal se imputará á partida 1710.6190003 “Recuperación de zonas verdes e P. Públicos”, do vixente orzamento 2021.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.”

**II.-** En data 29 de abril de 2021, a xefa de Asesoramento e a Titular da Asesoría Xurídica co Concello emiten informe xurídico no que sinalan “que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito nin inconveniente legal para a aprobación do expediente, sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame pola Intervención.”

**III.-** En data 30 de abril de 2021, o Servizo de Intervención solicita ao Servizo de Contratación que se proceda á corrección do apartado 7.D das FEC do PCAP para regular os valores anormais, conforme o apartado 10 da memoria xustificativa.

**IV.-** En data 30 de abril de 2021, a xefa do Servizo de Contratación redata un novo PCAP no que se recolle a corrección sinalada pola Intervención Municipal.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL**, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 16 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 30 de abril de 2021.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 121.000,00€, que inclúe un IVE de 21.000,00€, o cal se imputará á partida 1710.6190003 “Recuperación de zonas verdes e P. Públicos”, do vixente orzamento 2021.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.





## Concello de Vigo

Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(366).-SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO UNHA EXPOSICIÓN VERBO DA POETA XELA ARIAS, HOMENAXEADA NESTE ANO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. EXPTE. 2909/334.**

Visto o informe de xurídico do 15/04/21 e o informe de fiscalización do 30/04/21, dáse conta do informe-proposta do 13/04/21, asinado pola técnico de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

A promoción da cultura e da lingua galega encóntrase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A lingua galega e cultura de noso teñen unha data sinalada no calendario para a súa celebración.

A Real Academia Galega consagrou o 17 de maio como Día das Letras Galegas en 1963, como “unha xornada oficialmente adicada a honrar os nosos libros”, acordo acadado o 28 de abril dese mesmo ano. Dende esa data, celébrase a creación literaria en galego e a propia lingua de noso.

A propia institución é que decide o autor ou autora á que se lle dedica anualmente esta data conmemorativa.

Neste 2021, a escritora homenaxeada é XELA ARIAS, voz salientable da poesía galega, definida a súa como poesía “singular, transgresora e comprometida” en palabras recollidas do propio acordo da RAG.

Xela Arias desenvolveu a súa traxectoria vital e poética na cidade de Vigo. Aquí traballou a prol da lingua de noso, escribiu grande parte da súa obra e publicou as súas poesías. Ten, xa daquela, un notable papel a nosa cidade na traxectoria literaria de Xela Arias.

Así, o Concello de Vigo, vai desenvolver diferentes actuacións ao longo deste ano para conmemorar este 17 de maio, este Día das Letras Galegas, e por ende, para homenaxear a Xela Arias.

Unha das propostas consideradas é xuntar dúas realidades que na traxectoria de Xela camiñan ao par en numerosas ocasións na súa traxectoria artística: fotografía e poema, imaxe e verba. Dúas manifestacións que callan na obra "Tigres como cabalos". Obra rompedora que plasma a unión destes dous medios de expresión, un diálogo entrambos, entre os poemas de Xela e as fotografías de Xulio Gil.

Quere, o Concello de Vigo ampliar as posibilidades desta interacción, dese diálogo, encetado en Tigres como cabalos coa proposta dunha exposición con retratos de Xela Arias feitos por Xulio Gil acompañados por cadanseu poema de Xela.

Unha exposición de fotografías, en branco e negro, seleccionadas do arquivo do fotógrafo, que adquiren outra dimensión grazas á palabra acertada de Xela. Poemas visuais e fotografías cargadas de poesía, que nos permitirán mergullarnos no universo persoal de Xela Arias.

Propónse a realización da exposición XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO. Mostra de 40 fotografías de Xela e 40 poemas da autora: 40 retratos dialogando con 40 creacións poéticas.

Esta exposición desenvolveríase no Verbum no segundo semestre deste ano 2021.

Para levar a cabo a devandita actuación cómpre contratar a súa produción que leva implícito o seguinte:

1. Selección de contidos, licenzas, autorizacións necesarias tanto para expor as fotografías coma os poemas.
2. Comisariado da exposición e execución desta.
3. Mobiliario expositivo. Traslado, montaxe, adaptación, mantemento e desmontaxe.
4. Cartelaría: deseño e produción.
5. Soportes macromarcos: estruturas expositivas.
6. Conxunto de obras seleccionadas: fotografías con cadanseu poema. Impresión e enmarcación destas.

Achégase como Anexo 1 (Avaliación económica das necesidades específicas), o cadro das necesidades de infraestrutura máis detallado.

Conxunto de necesidades e actuacións que ten un custo estimado de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS- (10.716,97 euros, IVE incluído).

Para levar adiante esta homenaxe á autora que celebramos neste ano polas Letras Galegas, pretendemos solicitarlle unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, toda vez que esta ten entre as súas atribucións (art. 118 da LALGA): rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos, cuxo obxecto sexa o fomento destes, en especial, a organización de concursos e exposicións ou de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.



## Concello de Vigo

Polo exposto, solicitámoslle á Xunta de Goberno Local,

1. A aprobación da solicitude dunha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para a realización da exposición XELA ARIAS. A POESÍA DO RETRATO. Mostra de 40 fotografías de Xela e 40 poemas da autora: 40 retratos dialogando con 40 creacións poéticas.
2. Subvención por un total de DEZ MIL SETECENTOS DEZASEIS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS- (10.716,97 euros, IVE incluído).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(367).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA-XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE) PARA O MANTEMENTO OU REFORZAMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 2908/334.**

Visto o informe de xurídico do 16/04/21 e o informe de fiscalización do 30/04/21, dáse conta do informe-proposta do 13/04/21, asinado pola técnico de Normalización Lingüística e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

O DOG do 9 de abril (núm. 66) recolle a publicación da Orde do 24 de marzo de 2021 da Secretaría Xeral de Política Lingüística (Consellería de Cultura, Educación e Universidade) pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código do procedemento PL400A).

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "mantemento: a dotación de continuidade a un servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións / reforzamento: incorporación de máis persoal técnico, mediante a súa contratación, a un servizo lingüístico xa existente na data de publicación desta convocatoria".

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.1.c (servizo xa existente), art. 8 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

O SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana, cara podermos desempeñar o labor programado anualmente.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábreunos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- "A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística **para o mantemento ou reforzamento do SNL** por un total de 20.000,00 euros.

2.- Designar á técnica de Normalización Lingüística, Marta Souto González, para levar a cabo as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Política Lingüística que se desprenden das bases da ORDE do 24 de marzo de 2021."

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(368).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUNHA ADMINISTRATIVA DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE INSPECCIÓN DE TRIBUTOS. EXPTE. 37307/220.**

Visto o informe de fiscalización do 27/04/21, dáse conta do informe-proposta do 26/04/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- En data de sinatura electrónica, a Directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada competente, solicita con carácter urxente, persoal administrativo para as tarefas que constan na solicitude.

II.- En resposta a esta petición, a concelleira delegada competente en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data 24/03/2021, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación a tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando ao efectivo coa categoría profesional indicada, na modalidade que legalmente resulte oportuna.

III.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



**Concello de Vigo**

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º)** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a*

la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

**“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”**

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o a execución dun programa temporal por un prazo máximo de 3 anos, prorrogable por 12 meses (apartado c), e o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do exceso de acumulación de tarefas por un tempo máximo de cinco meses e sete días.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.379-administrativo/a atención público xanela), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración



## Concello de Vigo

senalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas ou programa.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito que obra no expediente, asinados pola Directora de Ingresos e a Concelleira delegada competente, resulta necesario a incorporación dun/dunha administrativo/a por acumulación de tarefas para a realización das tarefas encomendadas.

Tendo en conta o anterior, así coma na instrución da concelleira competente en materia de persoal de data 24/03/2021, no que se ordena o inicio do expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada

en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

#### **IV.- Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, despréndese que o custe total do nomeamento interino proposto dun/dunha administrativo/a atención público xanela por un período máximo de seis meses, supón un gasto total de **14.609,05 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **3.853,68 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **18.462,73 €**.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira.

#### **V. Verificación das listas de reserva**

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativo/a por acumulación de tarefas a, E Martínez Martínez con DNI: \*\*\*5395\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica..”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

#### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral





## Concello de Vigo

Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos de delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021; elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a como administrativo/a atención público xanela ao abeiro do exposto no artigo 10.1 d) do TREBEP, xustificadas nas necesidades do Servizo de Inspección de tributos en consecuencia, autorizar o gasto total por importe de 14.609,05 €, e ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.853,68 € en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: 18.462,73 €. Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas a *E Martínez Martínez con DNI: \*\*\*5395\*\**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local para o ámbito do Concello de Vigo.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando o nomeamento cando transcorran o prazo máximo de seis meses dende a data do nomeamento, nos termos legalmente previstos; percibindo todos/as como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód.379-administrativo/a atención público xanela), sendo adscrito/a ao Servizo de Inspección de Tributos, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, ao Xefe de Inspección de Tributos, Directora de Ingresos, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(369).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (ENTRE TRAVESÍA FOXOS E RÚA ENRIQUE LORENZO). EXPTE. 760/441.**

Visto o informe xurídico do 26/04/21 e o informe de fiscalización do 28/04/21, dáse conta do informe-proposta do 23/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamento e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO**

**1º.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 28/11/2016 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto humanización da rúa Purificación Saavedra - entre Sanjurjo Badía e Enrique Lorenzo a prol da empresa Galaicontrol S.L (B36651487).

**2º.-** Pola empresa GALAICONTROL, S.L., preséntase o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)” para a fase de supervisión, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (317.735,76 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

**3º.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28/12/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 29/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14/01/2021 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo)” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (317.735,76 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

**4º.-** Detectado un erro no orzamento base de licitación, procédese a súa corrección sendo o importe correcto de TRESCENTOS DOCE MIL CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (312.471,95 €), coa conseguinte nova presentación do proxecto pola empresa GALAICONTROL, S.L. o 20/01/2021 e sinatura dixital da mesma data.

**5º.-** Previo novo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 21/01/2021, e o pertinente novo informe xurídico con proposta de resolución de datas 21 e 22/01/2021 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data



## Concello de Vigo

28/01/2021 aproba o proxecto "HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DOCE MIL CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (312.471,95 €) de data 20/01/2021 e sinatura dixital 20/01/2021.

6º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28/01/2021 que se corresponde co expediente administrativo 4187/443 e que inclúe o Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, con data 22/12/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas e o Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario, de data 01/02/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 02/02/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03/02/2021.
- E) Certificado de existencia de crédito (RC nº 202100009671) asinado polo Director Superior Contable en data 11/02/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Vías e Obras, Jerónimo Centrón Castaños, en data 12/02/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 17/03/2021.
- H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 06/04/2021.
- I) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 07/04/2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2<sup>a</sup>.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), os concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21/01/2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “**HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (ENTRE TRAVESÍA FOXOS E RÚA ENRIQUE LORENZO)**” redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 312.471,95 €.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 06/04/2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS DOCE MIL CATROCIENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (312.471,95 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 54.230,67 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na



## Concello de Vigo

partida orzamentaria 1532.619.00.83 (Hum. P.Saavedra, Fase 2, Trv.Foxos-E.Lorenzo), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	312.471,95 €
TOTAL	312.471,95 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19(370).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO, 82,84 E 86”. EXPTE. 811/441.**

Visto o informe xurídico do 23/04/21 e o informe de fiscalización do 27/04/21, dáse conta do informe-proposta do 22/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Con data 13 de decembro de 2018 recíbese por este Concello notificación da Senteza 122/2018 remitida polo Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Vigo, Pontevedra. O fallo da mesma estima o recurso contencioso-administrativo interposto pola Comunidade de Propietarios de Avda. Martínez Garrido nº82-86 fronte ao Concello de Vigo, en contra da desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial, presentada pola recurrente como consecuencia de filtracións de auga derivadas de obras acometidas na vía pública, solicitando indemnización e reparación da causa dos danos, resultando o fallo condenatorio para este Concello e contemplando a reparación da causa dos danos no prazo de tres meses dende a notificación da citada sentenza.

**2º.-** Tras varias actuacións de reparación para subsanar o problema acontecido, sen resultar plenamente efectivas, en data 27 de outubro de 2020 emítase Auto polo Xulgado Contencioso Administrativo nº1 de Vigo, no que consta a comparecencia das partes e dispoñendo o requirimento para que na maior brevidade posible, se proceda á habilitación orzamentaria dun proxecto de obra adecuado para a emenda dos danos.

**3º.-** Como consecuencia do anteriormente exposto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 28.10.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento da mesma data, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

4º.- Por parte do enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Rama preséntase proxecto de “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (82.529,95 EUROS).

5º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4689/443 correspondente ao proxecto de obras de “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 19 de febreiro de 2021 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

6º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 19 de febreiro de 2021 que corresponde co expediente administrativo 4689-443, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Rama, cun orzamento base de licitación máis IVE de OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (82.529,95 EUROS) e con sinatura dixital de 03.02.2021
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnico de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en datas 24 e 25 de febreiro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26 de febreiro de 2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 5 de abril de 2021.
- E) Certificados de crédito RC nº 202100035848 asinado polo Director Superior Contable.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 6 de abril de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 19 de abril de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 21 de abril de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21 de abril de 2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo,



## Concello de Vigo

é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 04.02.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Xustificación da tramitación de urxencia. Consta na memoria elaborada polo servizo xestor para a redacción do PCAP, xustificación da tramitación de urxencia, indicando o seguinte:

“O auto do Xdo. Contencioso adm 1 de Vigo de 27.10.2020 na súa parte dispositiva establece:

*“1.- Se declara judicialmente aprobado el proyecto datado en febrero de 2020, aportado a los autos en el día de hoy y redactado por el Sr. Muñoz Rama (...)*

*2.- Se requiere al Concello de Vigo para que, a a la mayor brevedad posible, habilite presupuestariamente el proyecto antedicho y tramite por la vía de urgencia la contratación precisa para llevarlo a cabo (...)”*

*Xustifícase pois a urxencia na obrigación constitucional (artigo 118) de cumprir as sentenzas e demais resolucións firmes de Xuíces e Tribunais.”*

**Quinto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de **“RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. EMILIO MARTÍNEZ GARRIDO”**, redactado polo enxeñeiro Técnico Municipal Jorge Muñoz Ramae por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 21 de abril de 2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS” (82.529,95 EUROS)** sendo o importe correspondente ao IVE de 14.323,38 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1610.6320001 (OBRAS DE REPOSICIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	82.529,95 €
------	-------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **20(371).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA”. EXPTE. 856/441.**

Visto o informe xurídico do 29/04/21 e o informe de fiscalización do 30/04/21, dáse conta do informe-proposta do 23/04/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 23.09.2020 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción dun proxecto de mellora e reordenación de espazos na Praza da Miñoa, a favor de Iria Urdampilleta Pérez .





## Concello de Vigo

**II.-** A Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez presenta borrador do proxecto “MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €) .

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 22.03.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 22.03.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 25.03.2021 aprobou o proxecto de “MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA”, redactado pola Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €) e data Marzo de 2021 e con sinatura dixital de data 18/03/2021 (expte. 4903-443).

**IV.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 25.03.2021 que se corresponde co expediente administrativo 4903-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo de data 27 de marzo de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29 de marzo de 2021.
- D) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 29 de marzo de 2021.
- E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100035520 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 31 de marzo de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 8 e 9 de abril de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 22 de abril de 2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 22 de abril de 2021.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 22.03.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Séxto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "MELLORA E REORDENACIÓN DE ESPAZOS NA PRAZA DA MIÑOCA", redactado pola Arquitecta Iria Urdampilleta Pérez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 22.04.2021.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS (1.600.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 277.685,95 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 17106190060 “Mellora Praza de Miñoa”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.600.000 €
------	-------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(372).- ADAPTACIÓN LEGAL DA ORDENACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN A SEGUIR NAS OBRAS DO PLAN DE INVESTIMENTOS DE FCC AQUALIA VIGO UTE E NOMEAMENTO DE RESPONSABLE DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE VIGO. EXPTE. 790/441.**

Visto o informe xurídico do 29/04/21 e o informe de fiscalización do 30/04/21, dáse conta do informe-proposta do 15/04/21, asinado polo xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

**1º.-** O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo. O contrato, formalizado en documento administrativo o día 8 de xaneiro de 1991, fixa, na súa cláusula décima —oitaba no prego de cláusulas económico administrativas do contrato—, como prazo de duración do mesmo o de vinte e cinco anos, a contar desde o 1 de xaneiro de 1991, prorrogable tácitamente por períodos de cinco anos ata o máximo legal de cincuenta anos, salvo denuncia expresa por algunha das partes contratantes, notificada ao menos un ano antes do vencemento do prazo contractual ou de claquera das súas prorrogas.

**2º.-** A Xunta de Goberno Local, con data 21 de novembro de 2011, aprobou a prórroga da concesión administrativa do Servizo, por un período de 5 anos, que rexería ata o vindeiro día 31/12/2020. A prórroga concedida subordinábase á execución dun programa de investimentos por parte da concesionaria.

**3º.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantisen a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execu-

ción e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE.

4º.- Con data de 30 de decembro de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou unha segunda prórroga do contrato e no informe previo da Asesoría Xurídica, que figura no expediente administrativo, advírtese da necesidade de actualizar e adecuar á normativa contractual vixente a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo UTE, aprobado en 2013.

Igualmente indícase que tratándose dun contrato antigo non figura designado un responsable do contrato, e que dada a súa relevancia debería procederse á designación dun responsable, que permita reforzar o seguimento e axilizar a solución de incidencias que se poidan presentar, máxime tendo en conta os criterios de control e seguimento que recolle o informe económico do 28/12/2020, que figura no expediente da dita prórroga.

5º.- Polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos remítese ao Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais orde de servizo indicando “Que por parte desa Xefatura se proceda a realizar os tramites administrativos e legáis preceptivos para cumprir coas indicacións designas no informe da Asesoría Xurídica, por un lado a actualizar a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013 á normativa contractual agora vixente e, por outro, propoñer a designación do responsable do contrato, que á vista dos traballos de coordinación de diferentes servizos municipais que supón e da actual organización da Área Fomento considérase como adecuado o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área”.

6º.- Polo que atinxe á necesidade de actualizar á normativa contractual vixente a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo UTE, aprobado en 2013, cómpre informar que no apartado «Licitación» do procedemento á actualizar, dispónse que:

*«Considerarase de inescusable observancia pola Entidade Concesionaria os principios de publicidade e concorrencia na contratación, no suposto que concorran as circunstancias establecidas na vixente Lei 31/2007 “de Procedementos de Contratación nos Sectores de Auga, Enerxía, os Transportes e os Servizos Postais”. En aras ao logro do cumprimento efectivo de dita Lei, a Administración municipal vixiará aquelas contratacións que, excedendo dos umbrais previstos no art. 16 da mencionada Disposición, non figuren excluídos do seu ámbito de aplicación obxectivo (art. 18)».*

Porén, a Lei 31/2007 foi derogada pola Real Decreto-Lei 3/2020, de 4 de febreiro, que completa a transposición do paquete de Directivas comunitarias que en materia de contratación pública aprobou a Unión Europea en 2014.

Daquela, procede, rectificar o devandito apartado do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo UTE, aprobado pola Xunta de Goberno Local en 2013.



## Concello de Vigo

No presente expediente de rectificación de procedemento, o asinante deste informe proposta formulou a que figura no expediente. Porén, dado traslado da mesma a concesionaria do Servizo Municipal de Augas, por esta presentouse a alegación que figura igualmente incorporada ao expediente: en síntese, que de conformidade co apartado segundo do artigo 6 do RDL 3/2020, os dereitos que foran concedidos mediante un procedemento obxecto de publicidade adecuada, con arranxo a criterios obxectivos, que non contraveña o Dereito da Unión Europea non constituirán dereitos especiais ou exclusivos aos efectos deste real decreto-lei.

Pois ben, alegación formulada debe ser estimada por canto o procedemento de adxudicación do contrato de que tratamos, de concesión da xestión integral de servizo municipal de augas, foi obxecto de publicidade adecuada: a esixida polo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e a lexislación de contratos de aplicación ás entidades locais.

Así, con data 7 de maio de 1990, o Pleno Municipal acordou a alteración da forma de xestión do actual Servizo de Abastecemento de Augas e Saneamento, explotado directamente baixo a modalidade de "Empresa Privada Municipal", pola "Empresa Municipal de Abastecemento de Augas de Vigo, S.A." (EMAVISA), transformándoo en forma de xestión indirecta, en réxime de concesión administrativa municipal, a modalidade prevista no apartado letra a) do núm. 2 do artigo 114 do vixente Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Na sesión plenaria indicada aprobóuse, así mesmo, o Prego de Condicións da Concesión de que se trata.

En cumprimento do regulamentariamente establecido, o devandito Prego de Condicións sometéuse a exposición ó público, durante trinta días hábiles, a efectos de reclamacións, segundo anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia núm. 319, de data 24 de maio; prazo durante o cal foron presentadas catorce reclamacións, que foron resoltas por acordo plenario do día 5 de xullo de 1990.

A licitación do concurso para a adxudicación do contrato publicouse mediante os correspondentes anuncios no Boletín Oficial do Estado, de 19 de xullo de 1990, no Diario Oficial de Galicia, de 6 de agosto de 1990 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de 7 de agosto de 1990.

A publicación da licitación deste contrato no Diario Oficial das Comunidades Europeas non era preceptiva de acordo co ordenamento xurídico comunitario, toda vez que a Lei 13/1995, de 18 de maio, de Contratos das Administracións Públicas, que adecúa a nosa lexislación interna ás directivas comunitarias sobre contratos de obras, subministros e servizos, limitaba, no seu artigo 79.3 a estes contratos, de obras subministros e servizos a necesidade de tal publicación.

O contrato foi adxudicado á Seragua, S.A. e Fomento de Obras e Construcciones, por acordo plenario de 25 de outubro de 1990, en base a avaliación técnica dos criterios de adxudicación recollidos no Prego de Condicións; criterios cuxo carácter obxectivo resulta da súa propia natureza: Memoria expresiva da organización e prestación do servizo —persoal, medios materiais e melloras a introducir no servizo—; Estudio sobre o custe unitario —descripción das obras e instalacións actuais do servizo, procedemento seguido para a determina-

ción do custe unitario, análise da evolución da facturación e previsión razoada do volume a facturar, contía do canon—; e Acheга económica do concursante para a realización de obras como concesionario —volume da inversión, plan de financiación, obras a realizar, prazos e incidencia no custe unitario que suporían as achegas do concello de Vigo ou outra Administración por cada dez millóns de pesetas para a execución de obras—.

Así as cousas, cabe concluir que concorren os supostos de feito que o apartado segundo do artigo 6 do RDL 3/2020 require para considerar os dereitos de que é titular FCC Aqualia-Vigo U.T.E., en virtude do contrato de concesión de xestión de servizos que vimos de ver, como dereitos non especiais ou exclusivos aos efectos do dito RDL 3/2020 e, daquela, considerar a FCC Aqualia-Vigo U.T.E. excluída da aplicación do mesmo.

**7º.-** O nomeamento de responsable do contrato non resulta esixida pola normativa de aplicación ao contrato, non obstante, dada a importancia deste consideráse conveniente, tal e como apunta a Asesoría Xurídica no seu informe obrante no expediente da segunda prórroga do contrato, tal nomeamento que permitirá reforzar o seguimento e axilizar a solución de incidencias que se poidan presentar na execución do contrato neste segundo período de prórroga, máxime tendo en conta —tal e como subliña a Asesoría Xurídica— os criterios de control e seguimento que recolle o informe económico do 28/12/2020.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Primeiro.-** Suprimir o apartado «Licitación», do texto do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo UTE, aprobado pola Xunta de Goberno Local en 2013, por canto os dereitos dos que é titular FCC Aqualia Vigo UTE, en virtude do contrato de concesión da xestión do servizo integral de augas de Vigo, non son dereitos especiais ou exclusivos aos efectos do RDL 3/2020, de 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, e, daquela, resulta excluída da aplicación do mesmo.

**Segundo.-** Nomear como responsable do contrato de concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo ao titular do posto de traballo de Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, quen poderá recabar dos distintos servizos municipais o apoio técnico e os informes que puidera precisar para o desenvolvemento das súas funcións.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **22(373).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN, LOTES 1,2,3 “CAMPAMENTOS NÁUTICOS”, PARA O ANO 2021. EXPTE. 9219/336.**

Visto o informe xurídico do 23/04/21 e o informe de fiscalización do 26/04/21, dáse conta do informe-proposta do 22/04/21, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES.-**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 11 de abril de 2019**, adoptou o acordo de “Declarar desertos os Lotes 1,2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos campamentos de verán 2019” (Expte 8752-336).

**Segundo.-** Con data **4 de xuño de 2019** a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente acordou:

“Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) coas seguintes condicións:

#### **- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I**

- a) O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

#### **- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II.**

- a) O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.
- d)

#### **- Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO.**

- a) O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.

c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas.”

**Terceiro.-** Con data **28 de xuño de 2019** foron asinados os contratos con TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 expediente 8814-336 Procedemento aberto para a contratación de campamentos náuticos.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 14 de maio de 2020**, adoptou o acordo de aprobar a 1ª **PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVICIOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN**, EXPTE.( 9064/336.) e adxudicados a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-**

**Primeiro.-** Segundo o Prego de Cláusulas Administrativas, no punto 7C. establece que a **prórroga será obrigatoria** para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

**Segundo.-** Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Ante a necesidade de continuar prestando os servizos derivados dos contratos correspondentes aos Lotes 1,2,3, “Campamentos Náuticos”, para a prestación de servizos de campamentos de verán para o ano 2021( expediente 8752-336) e, unha vez rematado o segundo ano de contrato toda vez que os traballos desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias, e por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as de idades comprendidas entre os 4 e 17 anos, procede, de conformidade co art. 29 LCSP, a prórroga dos mesmos nas mesmas condicións en que foron adxudicados de:

- **Lote 1 VERÁN NÁUTICO I**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L por un importe de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- **Lote 2 VERÁN NÁUTICO II**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- **Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.





## Concello de Vigo

**Cuarto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** “Prorrogar coas mesmas características e duración, para o ano 2021 os contratos de:

- **Lote 1 Verán Náutico I**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L por un importe de 23.126,45 euros, ive incluído.
- **Lote 2 Verán Náutico II**, adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 33.942,70 euros,ive incluído.
- **Lote 3 Verán Mariñeiro** adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L por un importe de 23.126,45 euros, ive incluído.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto total de 80.195,60€ correspondente á prórroga dos contratos de Campamentos Náuticos de Verán para o ano 2021, lotes 1,2,3, a favor de TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA S.L, , con cargo á partida 3370.2279912 e a súa bolsa de vinculación”.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”. EXPTE. 4990/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de

Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **23(374).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”. EXPTE. 4990/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 04/05/21, dáse conta do informe-proposta do 4/05/21, asinado pola técnico de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en datas 23.10.2020 e 19.11.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de mellora das instalacións do túnel de Beiramar a favor da empresa Geocontrol S.A.

II.- A empresa Geocontrol S.A. presenta proxecto de “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €)

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 24.03.2021, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, na mesma data resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Beiramar e consisten as obras a executar na mellora das condicións de seguridade, a fin de adecualas as determinacións do Real Decreto 635/2006, sobre requisitos mínimos de seguridade en túneles, froito da transposición ao ordenamento xurídico da Directiva 2004/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, sendo as medidas e obras a executar as que se enumeran a seguir:

- No referente a Iluminación, prevese dotación e incremento de SAI (sistema de alimentación interrompida), renovación de cabreado adecuado as esixencias en canto a protección de lumes, e renovación e ampliación de alumeado de emerxencia, en canto a punto de luz e cabreado, así como as modificacións necesarias propostas segundo o proxecto nos cadros eléctricos de distribución.



## Concello de Vigo

- Substitución dos detectores de CO, Nox, Opacidade e anemómetros na súa totalidade, así como substitución de cable sensor para a detección rápida de lume. Así como a substitución das carcadas dos armarios de SOS, debido ao seu deterioro.
- Proposta de sistema de megafonía, así como novos equipamentos como barreiras exteriores panel de mensaxeira para información, nova carteleira de información en canto as evacuacións.
- Substitución do equipamento existente de control e vixilancia, por outros tecnoloxicamente máis adecuado a actualidade, así como nova implantación de software.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (SEIS) 6 meses.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 03.05.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos non altera ningún dos condicionamentos actuais, nin xera novos usos ni nova edificación, tratase de actuacións de adecuación de instalacións á normativa actual, así como a renovación das mesmas.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei..”

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CATROCIENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCIENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €), de data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 29.04.2021.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **24(375).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez